



O CASTRO DE PEDROUZOS (Melide- A Coruña)

Din que no castro de Pedrouzos hai tres minas ou vigas: unha de ouro, outra de prata e outra de alcatrán; como non se sabe cal é esta, e tocarlle non se pode, pois todo canto hai no arredor se queimaría, non se anda en busca das outras dúas.

Neste castro había tamén un señor encantado, e unha vez pasou por alí unha muller que daba peito. O encanto a quen ninguén vía, chamouna para que dera de mamar a un meniño que el tiña e levouna por unha mina moi longa ata unha casa bonitísima. Despois que lle deu de mamar, trouxo o señor unha untura e mandoulle á muller que metera nela os dedos e logo que lle untara os ollos ó neno. Fíxoo así, mais ela sen se dar conta pasou os de-

dos por un ollo seu e dende entón vía por el coma os encantos.

O outro día era 27 e foi a muller á feira das Cruces de Sobrado e polo ollo que untara viu ao señor do castro que ninguén máis vía. En vez de calar e de non facer caso, chamouno aínda que el non lle falaba.



Dende o outro día a muller foi e díxolle o señor. ¿Con que ollo me viches na feira? Ela mostroulle con cal fora e tiroullo naquel intre.

O CASTRO PEDRO (Folladela-Melide-A Coruña)

Un rapaciño de Ordes andaba gardando o gando e ao chegar ao castro apareceulle cunha tenda dicíndolle:

-Neniño, que cousa é a que che gusta máis disto.

-Pois, señora, gústanme estas tesoiriñas.

-Ben, ven mañá por elas; pero trae un molete de pantrigo e unha cunca de manteiga, e dareichas.

Ao día seguinte, o rapaz foi ao castro e sentou encima dunha pedra, pousando a cunca mais o molete. Cando quixo erguerse, notou que estaba apegado á pedra, e era que contara na casa o sucedido no monte e non dera tino do segredo que a moura lle encargara.

Chegando a noite, oíu unha voz que lle dixo:

“Neniño, vaite, que teñen moita pena por ti na túa casa”

O rapaz marchou, máis a manteiga e o pantrigo quedaron apegados para sempre.

Miriam
Blanco
Rodríguez 1º
BAC-A